

**ORDENANZA FISCAL**  
**TAXA POLA TRAMITACIÓN DE**  
**EXPEDIENTES E EXPEDICIÓN DE**  
**DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

o alumno se inscriba así como do número de familiares directos que se anoten nalgunha das escolas.

O prezo público abonares en réxime de autoliquidación mediante ingreso polo obrigado en calquera das contas bancarias operativas abertas a nome do Concello. O pago poderá ser mensual ou por trimestres, e de forma anticipada, debendo abonarse a primeira mensuralidade ou, no seu caso trimestralidade, na data de inscrición.

Artigo 5.- Contía.

As tarifas do prezo público serán, para as especialidades de aeróbic e pilates: 27 euros ao trimestre, e para o resto de especialidades 25 euros por toda a temporada.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

RECURSOS: De conformidade co disposto no artigo 19.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o acordo de referencia os interesados legítimos poderán interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo nos prazos e formas que establece a Lei Reguladora de dita xurisdicción.

Begonte, 21 de decembro de 2007.- O ALCALDE, *ilexible.*

R. 06687

#### GUITIRIZ

##### Anuncio

Elevado a definitivo, por non terse feito reclamacións durante o período de exposición ao público, o acordo do Concello en Pleno adoptado na sesión de 26 de outubro deste ano, de aprobación provisional da ordenanza reguladora das taxas pola expedición de documentos administrativos faise público o texto íntegro desta ordenanza, entrando en vigor na data que figura na súa disposición final:

#### "ORDENANZA FISCAL NÚMERO 4

Taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos.

##### ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a exacción da taxa pola tramitación e expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado RD Legislativo 2/2004.

##### ARTIGO 2. Feito imponible.

Constítúe o feito imponible da taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e dos expedientes de que entenda a Administración Municipal.

1.- Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado/a.

2.- Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

##### ARTIGO 3. Suxelto pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou que teñan un interese no que redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

##### ARTIGO 4. Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

##### ARTIGO 5. Retribución.

1.- A presente taxa retribuírase coa presentación da solicitude que da lugar ó inicio da tramitación dos docu-

mentos e expedientes suxeitos ó tributo ou da expedición do documento que beneficie ó particular ou fose provocado por este.

2.- Sen o pagamento da dita taxa non será tramitada a solicitude.

#### ARTIGO 6. Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos expedientes ou documentos a tramitar, de acordo coa tarifas que se conteñen no artigo seguinte.

#### Artigo 7. Tarifas.

##### 1 - ANTECEDENTES, BASTANTEOS E COTEXOS:

Pola búsqueda ou cotexo de documentos de ata 4 anos de antigüidade,	por folia	1,80 euros
	por cada ano máis e folia	0,55 euros
Por bastanteo de poderes y autorizaciones		4,30 euros
Por compulsa de documentación por páxina		0,36 euros

##### 2- CERTIFICACIONES E OUTROS DOCUMENTOS

Certificacións relativas ó Padrón Municipal de Habitantes:	Individuais	1,80 euros
	Colectivas	3,61 euros
Por certificacións de acordos municipais		6,50 euros
Por certificacións de resolucións da Alcaldía		3,25 euros
Visado ou legalización de cada documento pola Alcaldía		4,30 euros
Por certificacións e informes emitidos por técnicos municipais		10,82 euros
Expedición de documentos similares ós dos apartados anteriores		2,16 euros
Certificacións de copias autenticadas de documentos técnicos, por folia		3,61 euros
Relación de fincas catastrais por folia		0,30 euros
Licencias para actividades varias, non incluídas noutra ordenanza (ex: festas)		10,00 euros
Por cada expediente para celebración de voda civil no Concello:		
En días laborais (celebrados de luns a venres que sexan hábiles entre as 8:00 h. e as 20:00 h., e os sábados entre as 9:30 h. e as 13.30 h., agás os do mes de agosto)		30,00 euros
Por cada enlace civil celebrado os días previstos no punto anterior en horario distinto do establecido, así como os sábados do mes de agosto, os domingos e festivos		60,00 euros
Por cada expediente para celebración de acollemento civil no Concello		
En días laborais (ceremonias de luns a venres que sexan hábiles entre as 8:00 h. e as 20:00 h. e os sábados entre as 9:30 h. e as 13.30 h., agás os do mes de agosto)		20,00 euros
Por cada cerimonia celebrada os días previstos no punto anterior en horario distinto do establecido, así como os sábados do mes de agosto, os domingos e festivos		40,00 euros

##### 3- COPIAS DE DOCUMENTOS

Por copias de plans existentes no Concello, por unidade e segundo o seu formato:		
	DIN A4	0,75 euros
	DIN A3	1,20 euros
	DIN A1	1,50 euros
	Por cada m. ou fracción sobre un DIN A1	3,61 euros
Por copias de documentación que non sexan plans		0,12 euros
Por expedición, a instancia de parte de copias de atestados policiais		30,00 euros

##### 4- INSTANCIAS PROMOVEDO A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE RUINA

En instancias promovendo a tramitación de expedientes de declaración de ruína	108,18 euros
-------------------------------------------------------------------------------	--------------

##### 5- OUTROS INFORMES E CERTIFICACIONES

Polas certificacións ou informes a incluír en expedientes de solicitude de subvencións de rehabilitación, acondicionamento ou reconstrucción de vivendas rurais 10,00 euros

Por cada expediente acreditativo da antigüidade das edificacións sobre incoación ou non de expediente de reposición da legalidade ou sancionado

Por vivenda ou local de máis de 40 anos	30,00 euros
-----------------------------------------	-------------

Por vivenda ou local de menos de 40 anos	ata 100 m <sup>2</sup>	65,00 euros
	de 101 m <sup>2</sup> a 150 m <sup>2</sup>	80,00euros
	Máis de 150 m <sup>2</sup>	95,00 euros

#### 6- DEREITOS DE EXAME

Pola tramitación das solicitudes para participar nos procesos de selección do persoal (funcionarios de carreira e interinos, persoal laboral fixo e por tempo indefinido) ó servizo desta Administración, e de conformidade co disposto na disposición transitoria 3ª da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, ata tanto non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios a que se refire o artigo 76 de Estatuto:

Definición praza	Importe euros
Grupo A1 ou asimilado	25,00
Grupo A2 ou asimilado	20,50
Grupo C1 ou asimilado	16,00
Grupo C2 ou asimilado	12,00
Grupo Agrupación profesionais sen requisito de titulación ou asimilado	7,50

#### ARTIGO 8. Gastos de publicidade

Repercutiranse ó solicitante de licencias, o custo dos anuncios en diarios oficiais ou nos periódicos de maior repercusión da Provincia, cando a mesma resulte obrigatoria, de acordo cunha norma legal ou reglamentaria.

#### ARTIGO 9. Exencións e bonificacións

Estarán exentos do pago dos dereitos de exame as persoas que figuren como demandantes de emprego ó tempo da presentación da solicitude para participar nos procesos de selección do persoal e presenten a correspondente certificación acreditativa de tal situación, da oficina dos servizos públicos de emprego.

#### ARTIGO 10. Declaración e ingreso.

1.- A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, debendo presentarse e abonarse na Tesourería Municipal.

2.- Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38 da Lei 30/92, de 26 de decembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lle dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requerirá ó interesado co fin de que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse ditos escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3.- As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal a petición dos xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, cando sexan probas propostas a Instancia de parte, non se entregarán nin remitirán sen que previamente non se aboara a correspondente cota tributaria.

#### ARTIGO 11. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

#### DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA.

Para todo o non previsto expresamente neste texto será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 15 a 19 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e as demais normas concordantes de Réxime Local, e subsidiariamente ós artigos 24 ó 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei Xeral Tributaria e da Lei Xeral Orzamentaria.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Esta ordenanza ven a derogar a ata agora vixente ordenanza fiscal nº 4 pola que se regula a taxa por expedición de documentos administrativos, aprobada polo Pleno na sesión de 28 de setembro de 1989 e as súas modificacións posteriores."

Guitríz, a 26 de decembro de 2007.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.